

O PELIQUEIRO

A figura central de todo o **Entroido** é a máscara. A **máis antiga en Galicia** é a do **peliqueiro**. Esta máscara consiste basicamente nunha vestimenta vistosa e charramangueira e unha **careta**.

O traxe está composto por unha **camisa branca**, unha **garavata vermella**, unha **chaqueta curta** de seda con xarreteiras e chea de **galóns** dourados e prateados, e un **pantalón curto** ata os xeonllos con dúas tiras de encaixe. Na cintura leva unha **faixa** de cuarta e media de ancho e un **cinto** no que van penduradas as **chocas** ou chocallos, que teñen un son moi característico. A **careta**, coloreada, leva cosida pola parte de atrás unha **pelica** de raposo, año, can ou galo. No pescozo átase un **pano** de seda. As pernas cóbrense con **medias**, cinguidas con rechamantes **ligas**, e os zapatos son negros e aguzados. O peliqueiro leva unha especie de **látego** co que malla a todos os que atopa no camiño.

ÁNXELA GRACIÁN, «EU TAMÉN FUN PELIQUEIRO EN LAZA»

1. Relaciona cada prenda do peliqueiro coas súas características.



2. Coloca o nome de cada unha das partes do traxe do peliqueiro e colorea o debuxo seguindo o texto de Ánxela Gracián que aparece na páxina anterior.

CAMISA	LIGAS	CARETA	CHAQUETA	GALÓNS
GARAVATA	ZAPATOS	MEDIAS	CINTO	CHOCAS
PELICA	LÁTEGO	PANTALÓN		ZAPATOS

